

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	VILAR DE SANTOS
Edificio	Igrexa de San Xoán de Vilar de Santos
Dirección	Rúa da Igrexa, 12. 32650
	42.087365 -7.794812
Protección	
Descrición	<p>Igrexa parroquial de planta rectangular, tellado a dúas augas e estilos románico e neorenacentista construída con perpiaño granítico de boa calidade na modalidade de opus vittatum, é dicir, pedras regulares de tamaño disímil. Ubicado nun sobranceiro outo do Parque de Cachalgura, o templo posúe aínda boa parte dos elementos arquitectónicos que, de maneira inequívoca, o distinguen como igrexa de matriz románica: porta de acceso abucinada por medio de arquivoltas molduradas en forma de arco apuntado, canzorros figurados, ábsida semicircular con saeteiras enmarcadas en arquiños de medio punto, etc...</p> <p>Cada unha das arquivoltas da portada atopa sustento en cadansúa columniña adosada -xa for de fuste liso ou figurado-, pezas dotadas de basas articuladas por toros e escocias de orde crecente conforme ganan en altura. Pola súa parte os capiteis presentan variada figuración animalística e humana (cabezas, caras, extremidades...) acorde coa simboloxía do momento (tardo-románico; Século XIII-XIV). A arquivolta máis exterior, amáis de funcionar a xeito de tornachuvias da portada, presenta a singularidade dunha serie de dentes de serra interiores de tamaño irregular. A fachada complétase cun óculo circular, un escudo señorial e unha espadana, elementos todos eles propios dos séculos XVI-XVII que foron engadidos ao templo con motivo da renovación estética contrareformista experimentada en pleno barroco.</p> <p>Os laterais do templo aínda conservan os canzorros figurados propios deste estilo artístico, elementos que, maiormente, definen "vicios condenables" polas normas moráis do momento: gula, envexa, carne..</p>
Campás	3 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	22-05-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Maior.	ROSAS, CAMPANAS	2011		
Espadana	Mediana.	ROSAS, HIJO DE MANUEL	1992		
Espadana	Menor.		1875		

Información completa: [Igrexa de San Xoán de Vilar de Santos - VILAR DE SANTOS \(GALICIA\)](#)

PDF (11-06-2026)